



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezasete de marzo de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de marzo de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN USADO CON CAIXA ABERTA E GRAVILLADORA PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ASÍ COMO A RETIRADA DO CAMIÓN USADO EXISTENTE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración dun camión usado con caixa aberta e gravilladora para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, así como a retirada do camión usado existente, 2023/CON_02/000024, consta no mesmo:

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BE3RTLVTLLUIAJPXM5CCE4¹.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



2. Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil en función, con CSV: IV7BE3RTFFWCV6VP3RHSKQJOH4.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BECYSZEV73KPY6FFEKVAFAFAY.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BFTQ4DN5273BI5UEGEEZ7GQ.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7BFTXNJFE3LWMDSYXDKIHCGL.

6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración dun camión usado con caixa aberta e gravilladora para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, así como a retirada do camión usado existente, expediente 2023/CON_02/000024, cun prazo de entrega de 60 días naturais desde a formalización do contrato.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do

mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 62.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 13.020,00 €, o que fai un total de 75.020,00 €. O importe mínimo a entregar polo vehículo usado ascende a 5.000 euros (importe exento de IVE). Existe consignación orzamentaria no orzamento de gastos do 2023, segundo consta no informe de consignación da Intervención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Renovación dos revestimentos interiores do “Paciño” – Edificio anexo ao Pazo dos Deportes.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Renovación dos revestimentos interiores do “Paciño” – Edificio anexo ao Pazo dos Deportes, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7BYHJNFNPMZJNLUP7DEPZWCM.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BEMCYNB73T6NTUZHCCZXXGI.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7BEMCYNB73T6NTUZHCCZXXGI.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7BEDALFFUL36VZRRVTELTX6A.



5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BE7HCJZBS3KXK5VAEAMQ6H4.

6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BFTX7DNWOJKO4DQHEO4ZWKA.

7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BFTX43ZEPJVEYSJ4HB5PEPY.

8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- Renovación dos revestimentos interiores do “Paciño” – Edificio anexo ao Pazo dos Deportes, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 321.334,75 €, dos cales 55.768,84 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO MODIFICADO DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2022.

“Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Pastoriza, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pastoriza no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PASTORIZA	186	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE AS PRAZAS, BEIRA DO RÍO, A IGREXA O PEDRÓN, AMEIXIDE E FONTELA, INCLÚIDO HONORARIOS	8.411,00€	114.388,92€	122.799,92€



4. Non consta que o concello achegara os correspondentes anexos III ou IV relativos á adxudicación ou acordo de execución por administración.

5. A Alcaldía do Concello de A Pastoriza a través de escrito de data 07/03/2023 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 186, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “...pola subida dos prezos dos materiais ...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PASTORIZA	186	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE AS PRAZAS, BEIRA DO RÍO, A IGREXA O PEDRÓN, AMEIXIDE E FONTELA, INCLUÍDO HONORARIOS	24.068,90€	114.388,92€	138.457,82€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/ substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de A Pastoriza que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Pastoriza, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PASTORIZA	186	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE AS PRAZAS, BEIRA DO RÍO, A IGREXA O PEDRÓN, AMEIXIDE E FONTELA, INCLUÍDO HONORARIOS	24.068,90€	114.388,92€	138.457,82€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DE CONTRATOS DE DIVERSAS OBRAS.



Primeiro.- *Proposta en relación coa revisión excepcional de precios obra ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes da dirección facultativa, así como o informe do Servizo de Contratación, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Primeiro.- A obra foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno de data 30/07/2021, á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL no prezo de 249.030,10€ dos cales 43.220,10€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en incremento de 1 cm no espesor da MBC, coas características definidas do PCAP, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 5.235,58€ € mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

Segundo.- O contrato relativo á obra indicada foi asinado con data 30/07/2021.

Terceiro.- Con data 19/08/2021 asinouse a acta de comprobación de replanteo.

Cuarto.- Con data 15-03-2022 formalizouse Acta de recepción das obras.

Quinto.- Non consta informe da xustificación do plan de comunicación da obra.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Real Decreto-lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto a Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.

Resolución de 28 de abril de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de 28 de abril de 2022, relativo a aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do título II do Real decreto lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e por lo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto a Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Incóase expediente administrativo coa finalidade de tramitar procedemento para a revisión excepcional de prezos ao abeiro do artigo 9 do Real Decreto-Lei 3/2022, de proceder, relativo á obra ANTAS DE ULLA.- Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700 (EX003OB21AB)” segundo solicitude da mercantil adxudicataria da obra en data 20/05/2022 e con RE nº 2022RT007519.

Segunda.- O artigo 6 do Título II (medidas en materias de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras do sector público) do Real Decreto-Lei, sinala os casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras, indicando: “1. Excepcionalmente, en los contratos públicos de obras, ya sean administrativos o privados, adjudicados por cualquiera de las



entidades que formen parte del sector público estatal que se encuentren en ejecución, licitación, adjudicación o formalización a la entrada en vigor de este real decreto-ley, o cuyo anuncio de adjudicación o formalización se publique en la plataforma de contratación del sector público en el periodo de un año desde la entrada en vigor de este real decreto-ley, se reconocerá al contratista la posibilidad de una revisión excepcional de precios siempre que concurra la circunstancia establecida en este real decreto-ley.

Igual posibilidad de revisión excepcional de precios se le reconocerá al contratista en aquellos contratos públicos de obras, ya sean administrativos o privados, adjudicados por cualquiera de las entidades que forman parte del sector público estatal, cuyo anuncio de licitación se publique en la plataforma de contratos del sector público en el plazo de un año desde la entrada en vigor de este real decreto ley y cuyo pliego de cláusulas administrativas particulares establezca una fórmula de revisión de precios, siempre que concurra la circunstancia establecida en este real decreto-ley. (...)"

Segundo os datos obrantes neste Servizo, o contrato atópase en execución na data de entrada en vigor do Real Decreto-Lei 3/2022, xa que segundo se indica na disposición final octava, entrará en vigor o mesmo día da publicación, sendo publicado no BOE número 52 de data 02/03/2022.

Terceira.- O artigo 7 indica "1. La revisión excepcional de precios se reconocerá cuando el incremento del coste de los materiales empleados para el contrato de obras haya tenido un impacto directo y relevante en la economía del contrato durante su vigencia y hasta su finalización, esto es, una vez formalizada el acta de recepción y emitida la correspondiente certificación final.

A estos efectos se considerará que existe tal impacto cuando el incremento del coste de materiales siderúrgicos, materiales bituminosos, aluminio o cobre, calculado aplicando a los importes del contrato certificados en el periodo, siempre posterior al 1 de enero de 2021, que determine el contratista en su solicitud y que no podrá ser inferior a doce ni superior a veinticuatro meses, su fórmula de revisión de precios si la tuviera, y, en su defecto, aplicando la que por la naturaleza de las obras le corresponda de entre las fijadas en el Real Decreto 1359/2011, de 7 de octubre, exceda del 5 por ciento del importe certificado del contrato en ese mismo período. El cálculo de dicho incremento se efectuará suprimiendo de la fórmula aplicable al contrato los términos que representan los elementos de coste distintos de los antes citados, e incrementando el término fijo, que representa la fracción no revisable del precio del contrato, en el valor de los

coeficientes de los términos suprimidos, de forma que la suma de todos los coeficientes mantenidos más el término fijo sea la unidad.

En caso de que el contrato tuviese una duración inferior a doce meses, el incremento del coste se calculará sobre la totalidad de los importes del contrato certificados. El periodo mínimo de duración del contrato para que pueda ser aplicable esta revisión excepcional de precios será de cuatro meses, por debajo del cual no existirá este derecho.

Por Orden del Ministerio de Hacienda y Función Pública, previo informe del Comité Superior de Precios de Contratos del Estado, se podrán establecer otros materiales cuyo incremento de coste deba tenerse también en cuenta a los efectos anteriores.

2. La cuantía de la revisión excepcional a la que se refiere este artículo no podrá ser superior al 20 por ciento del precio de adjudicación del contrato. Dicha cuantía no se tomará en consideración a los efectos del límite del 50 por ciento previsto en el artículo 205.2. de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, y en el artículo 111.2 del Real Decreto Ley 3/2020, de 4 de febrero; ni a los efectos de otros límites sobre modificaciones previstos en la normativa anterior que fuese de aplicación al contrato”.

No informe da dirección facultativa analízanse os items sinalados, e sendo o prazo de execución de 6 meses, superior polo tanto ao indicado como mínimo para existir dereito a dita revisión.

Cuarta.- En canto aos criterios de cálculo de revisión, ao que fai referencia o artigo 8 e a maneira de cálculo, aos mesmos se refire no informe da dirección facultativa.

Quinta.- O artigo 9 do Real Decreto-Lei, indica: “1. La revisión excepcional de precios se aprobará, en su caso, por el órgano de contratación previa solicitud del contratista, que deberá presentarla durante la vigencia del contrato y, en todo caso, antes de la aprobación, por el órgano de contratación de la certificación final de obras.

2. La solicitud irá acompañada de la documentación necesaria para acreditar la concurrencia de la circunstancia de excepcionalidad establecida en este real decreto-ley. El órgano de contratación deberá apreciar el cumplimiento de la mencionada circunstancia. Para ello, y siempre que sea posible, el órgano de contratación utilizará datos procedentes del Instituto Nacional de Estadística. En caso de no aportarse debidamente la citada documentación el órgano de



contratación concederá un plazo improrrogable de siete días hábiles para subsanar tal defecto. En caso de que en dicho plazo no se subsanase la deficiencia, denegará la solicitud.

3. Una vez recibida la documentación, el órgano de contratación dictará una propuesta provisional indicando en ella si procede reconocer la revisión excepcional de precios y, de ser así, la fórmula aplicable al contrato. De esta propuesta se dará traslado al contratista por un plazo de 10 días hábiles para que presente sus alegaciones.

Transcurrido el citado plazo, el órgano de contratación resolverá motivadamente lo que proceda en el plazo de un mes a contar desde la recepción de las alegaciones o desde la finalización del plazo para su presentación. La concesión de la revisión excepcional de precios no requerirá el reajuste de la garantía definitiva.

La finalización del plazo máximo para resolver sin haber tenido resolución expresa, faculta al solicitante para entender desestimada su solicitud por silencio administrativo.”

Neste sentido, constan informes da Dirección facultativa analizando a circunstancia da excepcionalidade así como a formula que procedería aplicar, así como Resolución da Presidencia de data 09/02/2023 con CSV: IV7B7XKNGE6MXKBZ2AYBIELAGY e notificación á mercantil da mesma, sen que conste alegacións.

Consta tamén informe proposta remitido a este Servizo, con CSV: IV7BE7H5FZMYJVML2I4HDZ2WGY, na parte conclusiva: “Desestimar a solicitude da mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL con CIF B15289614, respecto da revisión excepcional de prezos na obra “Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – Límite provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700 (EX003OB21AB)”, ao non presentar alegacións”.

Sexta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sétima.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011).

Conclusión.

Considerando os antecedentes, e vistas as consideracións realizadas no corpo do presente, informase de xeito favorable a formula e o procedemento de revisión, nos termos do Real Decreto-Lei 3/2022, procedendo á desestimación nos termos informados pola Dirección facultativa.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude da mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL con CIF B15289614, respecto da revisión excepcional de prezos na obra “Mellora da seguridade vial e zona de estacionamento da área de descanso na LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809) – Límite Provincia Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 3+490 a 3+700 ao non efectuar alegacións á Resolución da Presidencia de data 09/02/2023.

2º.- Comunicar o acordo da Xunta de Goberno á mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Segundo.- *Proposta en relación coa revisión excepcional de precios obra A FONSAGRADA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vistos os informes da dirección facultativa, así como o informe do Servizo de Contratación, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Primeiro.- A obra foi adjudicada por acordo da Xunta de Goberno de data 01/04/2022, á empresa Construcciones Carballeira SL no prezo de 98.008,76€ dos cales 17.009,78€ corresponden ao IVE (21%); e un prazo de execución de 3 meses.

Segundo.- O contrato relativo á obra indicada foi asinado con data 05/04/2022.

Terceiro.- Con data 04/05/2022 asinouse a acta de comprobación de replanteo.

Cuarto.- Con data 31/08/2022 formalizouse Acta de recepción das obras.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Real Decreto-lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto a Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no

sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.

Resolución de 28 de abril de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de 28 de abril de 2022, relativo a aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, do título II do Real decreto lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e por lo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto a Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Incoase expediente administrativo coa finalidade de tramitar procedemento para a revisión excepcional de prezos ao abeiro do artigo 9 do Real Decreto-Lei 3/2022, de proceder, relativo á obra A FONSAGRADA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234- (2022CON02000089), segundo solicitude da mercantil adxudicataria da obra en data 30/08/2022 e con RE nº 2022RT011819.

Segunda.- O artigo 6 do Título II (medidas en materias de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras do sector público) do Real Decreto-Lei, sinala os casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras, indicando: “1. Excepcionalmente, en los contratos públicos de obras, ya sean administrativos o privados, adjudicados por cualquiera de las entidades que formen parte del sector público estatal que se encuentren en ejecución, licitación, adjudicación o formalización a la entrada en vigor de este real decreto-ley, o cuyo anuncio de adjudicación o formalización se publique en la plataforma de contratación del sector público en el periodo de un año desde la entrada en vigor de este real decreto-ley, se reconocerá al contratista la



posibilidad de una revisión excepcional de precios siempre que concurra la circunstancia establecida en este real decreto-ley.

Igual posibilidad de revisión excepcional de precios se le reconocerá al contratista en aquellos contratos públicos de obras, ya sean administrativos o privados, adjudicados por cualquiera de las entidades que forman parte del sector público estatal, cuyo anuncio de licitación se publique en la plataforma de contratos del sector público en el plazo de un año desde la entrada en vigor de este real decreto ley y cuyo pliego de cláusulas administrativas particulares establezca una fórmula de revisión de precios, siempre que concurra la circunstancia establecida en este real decreto-ley. (...)"

Segundo os datos obrantes neste Servizo, o contrato atópase en licitación na data de entrada en vigor do Real Decreto-Lei 3/2022, xa que segundo se indica na disposición final octava, entrará en vigor o mesmo día da publicación, sendo publicado no BOE número 52 de data 02/03/2022.

Terceira.- O artigo 7 indica "1. La revisión excepcional de precios se reconocerá cuando el incremento del coste de los materiales empleados para el contrato de obras haya tenido un impacto directo y relevante en la economía del contrato durante su vigencia y hasta su finalización, esto es, una vez formalizada el acta de recepción y emitida la correspondiente certificación final.

A estos efectos se considerará que existe tal impacto cuando el incremento del coste de materiales siderúrgicos, materiales bituminosos, aluminio o cobre, calculado aplicando a los importes del contrato certificados en el periodo, siempre posterior al 1 de enero de 2021, que determine el contratista en su solicitud y que no podrá ser inferior a doce ni superior a veinticuatro meses, su fórmula de revisión de precios si la tuviera, y, en su defecto, aplicando la que por la naturaleza de las obras le corresponda de entre las fijadas en el Real Decreto 1359/2011, de 7 de octubre, exceda del 5 por ciento del importe certificado del contrato en ese mismo período. El cálculo de dicho incremento se efectuará suprimiendo de la fórmula aplicable al contrato los términos que representan los elementos de coste distintos de los antes citados, e incrementando el término fijo, que representa la fracción no revisable del precio del contrato, en el valor de los coeficientes de los términos suprimidos, de forma que la suma de todos los coeficientes mantenidos más el término fijo sea la unidad.

En caso de que el contrato tuviese una duración inferior a doce meses, el incremento del coste se calculará sobre la totalidad de los importes del contrato certificados. El periodo mínimo de

duración del contrato para que pueda ser aplicable esta revisión excepcional de precios será de cuatro meses, por debajo del cual no existirá este derecho.

Por Orden del Ministerio de Hacienda y Función Pública, previo informe del Comité Superior de Precios de Contratos del Estado, se podrán establecer otros materiales cuyo incremento de coste deba tenerse también en cuenta a los efectos anteriores.

2. La cuantía de la revisión excepcional a la que se refiere este artículo no podrá ser superior al 20 por ciento del precio de adjudicación del contrato. Dicha cuantía no se tomará en consideración a los efectos del límite del 50 por ciento previsto en el artículo 205.2. de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, y en el artículo 111.2 del Real Decreto Ley 3/2020, de 4 de febrero; ni a los efectos de otros límites sobre modificaciones previstos en la normativa anterior que fuese de aplicación al contrato”.

No informe da dirección facultativa analízanse os items sinalados, e sendo o prazo de execución de 3 meses, inferior polo tanto ao indicado como mínimo para existir dereito a dita revisión.

Cuarta.- O artigo 9 do Real Decreto-Lei, indica: “1. La revisión excepcional de precios se aprobará, en su caso, por el órgano de contratación previa solicitud del contratista, que deberá presentarla durante la vigencia del contrato y, en todo caso, antes de la aprobación, por el órgano de contratación de la certificación final de obras.

2. La solicitud irá acompañada de la documentación necesaria para acreditar la concurrencia de la circunstancia de excepcionalidad establecida en este real decreto-ley. El órgano de contratación deberá apreciar el cumplimiento de la mencionada circunstancia. Para ello, y siempre que sea posible, el órgano de contratación utilizará datos procedentes del Instituto Nacional de Estadística. En caso de no aportarse debidamente la citada documentación el órgano de contratación concederá un plazo improrrogable de siete días hábiles para subsanar tal defecto. En caso de que en dicho plazo no se subsanase la deficiencia, denegará la solicitud.

3. Una vez recibida la documentación, el órgano de contratación dictará una propuesta provisional indicando en ella si procede reconocer la revisión excepcional de precios y, de ser así, la fórmula aplicable al contrato. De esta propuesta se dará traslado al contratista por un plazo de 10 días hábiles para que presente sus alegaciones.

Transcurrido el citado plazo, el órgano de contratación resolverá motivadamente lo que proceda en el plazo de un mes a contar desde la recepción de las alegaciones o desde la finalización



del plazo para su presentación. La concesión de la revisión excepcional de precios no requerirá el reajuste de la garantía definitiva.

La finalización del plazo máximo para resolver sin haber tenido resolución expresa, faculta al solicitante para entender desestimada su solicitud por silencio administrativo.”

Neste sentido, constan informes da Dirección facultativa analizando as circunstancias aplicables, así como Resolución da Presidencia de data 26/12/2022 con CSV: IV7BQTIOHQVCRCF6RQYE4JDP4M e notificación á mercantil da mesma, sen que conste alegacións.

Consta tamén informe proposta remitida a este Servizo, con CSV: IV7BEIJPBFS7W5SYI5RJ7QROE, na parte conclusiva: “Desestimar a solicitude da mercantil Construcciones Carballeira SL con CIF B-27121961, respecto da revisión excepcional de prezos na obra “A FONSAGRADA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234 (2022CON02000089)” dado que a duración do contrato é inferior ao período mínimo de duración establecido no artigo 7.1 Real Decreto-lei 3/2022 para que poida ser aplicable a revisión excepcional de prezos”.

Quinta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sexta.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do

ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011).

Conclusión.

Considerando os antecedentes, e vistas as consideracións realizadas no corpo do presente, informase de xeito favorable o procedemento de revisión, nos termos do Real Decreto-Lei 3/2022, procedendo á desestimación nos termos informados pola Dirección facultativa.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude da mercantil Construcciones Carballeira SL con CIF B-27121961, respecto da revisión excepcional de prezos na obra “A FONSAGRADA- RIBEIRA DE PIQUÍN.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-1906 “Pedrafitelas (LU-530) – Vilares – Os Cangos (LU-P-5404)” P.K. 0+000 a 14+234 (2022CON02000089)” dado que a duración do contrato é inferior ao período mínimo de duración establecido no artigo 7.1 Real Decreto-lei 3/2022 para que poida ser aplicable a revisión excepcional de presos, ao non efectuar alegacións á Resolución da Presidencia de data 26/12/2022.

2º.- Comunicar o acordo da Xunta de Goberno á mercantil Construcciones Carballeira SL.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

“Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo coa finalidade común de colaborar na



desdoblamento e humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: glorieta 25 novembro – glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins común de Humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 novembro – glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos) consta no mesmo:

1. Solicitude do Concello de Lugo con número de expediente no GTM: 2023/PES_03/003189.
2. Memoria de impacto económico, con CSV: IV7BFX25KAFO3TVNCE4TGILFK4.
3. Borrador de convenio con CSV: IV7BFX25AD7KLGZCQXXDARKGKU.
4. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7BFX25H76IURMNQ5GD6T37IQ.
5. Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 novembro – Glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos), con un orzamento total de 1.641.385,28 euros, do seguinte contido:

“Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra dona Lara Méndez López, que actúa en nome e representación do Concello de Lugo, con C.I.F. P-2702800-J e sé social en Praza Maior, s/n – 27001- Lugo- , de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcaldesa.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- Con data 30 de decembro de 2016 asinouse convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en: desdoblamento, urbanización e humanización da avenida duquesa de Lugo, 1ª fase, asinándose posteriormente, con data 31 de decembro de 2018, addenda de modificación de dito convenio e addenda de modificación segunda, de data 30 de outubro de 2020, recepciónándose as obras, obxecto de convenio, en xullo de 2022.

Segundo.- Segundo o artigo 36 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, son competencias das Deputacións Provinciais, “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “ a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión ...”.

De acordo co establecido no artigo 36 LRBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións



Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Neste mesmo senso se pronuncia a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, engadindo no seu artigo 118 que “compete ás Deputacións provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos.”

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Terceiro.- O Concello de Lugo, de acordo co artigo 25 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Así, e consonte a este precepto, o municipio exercerá en todo caso competencias propias, nos termos de lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras en materias como urbanismo, medio ambiente urbano, (...)

O Concello de Lugo, é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procurar unha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Cuarto.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio. Ademais, tendo en conta a regulación recollida no artigo 3.3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, o obxecto deste convenio encaixa dentro daqueles supostos que non se consideran como o exercicio de novas competencias, resultando de aplicación os mecanismos bilaterais de colaboración consonte aos artigos 193.4 e 200 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Quinto.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Conforme ao artigo 143 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de xeito voluntario a forma de exercer as súas respectivas competencias, dacordo coas técnicas que consideran mais axeitadas. Así a formalización das relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios que preverán as condicións e compromisos que se asumen.

Sexto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.



(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sétimo.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro. Agora ben, as normas do capítulo VI (sobre convenios) non se aplica as encomendas de xestión e aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Oitavo.- A relación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Lugo exercen competencias compartidas en materia de infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, (é imperativo da lexislación de réxime local e da sectorial de estradas), respecto aos concellos como competencias propias e a Deputación na súa atribución de cooperación e asistencia técnica, económica e xurídica; e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

En canto a melloras de estradas, a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, para dar cumprimento á aspiración de mellora das infraestruturas viais, mobilidade e mesmo medio ambiente urbano, e enmarcase no desenvolvemento das potestades de auto organización e sistemas de cooperación horizontal, configúrase como unha acción pública colaborativa, institucionalizada mediante convenio.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.



Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de: Desdoblamento e humanización da Avenida Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta 25 novembro – Glorieta Benigno Rivera (incluído adquisición/expropiación de terreos).

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO. TRAMO: GLORIETA 25 NOVIEMBRE – GLORIETA BENIGNO RIVERA	Anualidade 2023: 10.000,00€ Anualidade 2024: 742.006,47€ Anualidade 2025: 742.006,48€	---
ADQUISICIÓN/EXPROPIACIÓN DE TERREOS	---	Anualidade 2023: 147.372,33€
TOTAL		1.641.385,28€

A Deputación desenvolverá as funcións de órgano de Contratación, de acordo co proxecto de execución do investimento, unha vez consten nesta Deputación as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do investimento, incluído a dispoñibilidade dos terreos.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento dos investimentos que son obxecto do presente convenio correspóndese coa provincia de Lugo; e, concretamente, no termino municipal de Lugo.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

- 1) Redactar o proxecto para a execución das obras obxecto do convenio.
- 2) Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes máximos indicados.

3) Licitar e executar as actuacións obxecto deste Convenio, con medios propios non personificados e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na LCSP, nos prazos establecidos no proxecto.

4) Asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións obxecto deste Convenio, con medios propios e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na LCSP.

5) Remitir ao Concello de Lugo comunicación para a recepción das obras realizadas, ao efecto da entrega das mesmas, para a súa posta en funcionamento, apertura ao uso público e adecuado mantemento.

6) Participar nos actos institucionais que se organicen con ocasión da execución e cumprimento do convenio.

7) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP.

8) Prestar cooperación/ colaboración ao Concello de Lugo, na tramitación do proxecto de expropiación aprobado por este, a través da correspondente encomenda de xestión, levando a cabo todas as xestións administrativas vinculadas ao procedemento de acordo ao correspondente proxecto, recabando do Concello a adopción dos acordos que resulten necesarios para a dita finalidade.

3.2. Concello de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, o Concello de Lugo comprométese ao seguinte:

a) Ao financiamento das actuacións conforme ao establecido na cláusula primeira, así como os incrementos que resulten necesarios conforme ao proxecto de expropiación aprobado.

b) Redactar o proxecto de expropiación dos terreos necesarios para a realización das obras e aprobación do mesmo, previsto inicialmente para antes do 31 de maio de 2023.

c) Poñer a disposición da Deputación os terreos necesarios para a execución do proxecto de obra.

d) Aportar permisos e autorizacións sectoriais que sexan necesarias, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal sen custe para a Deputación.

e) Aprobado o proxecto de urbanización redactado polos Servizos da Deputación.



f) Asumir a titularidade dos resultados obtidos, unha vez entregados pola Deputación Provincial, recepcionándoos e incorporando ao inventario municipal, adicalos ao uso e fin público, conservalos e mantelos, segundo a finalidade.

g) Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos, e en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto de lograr o fin do presente convenio, así como facilitar a información requirida en relación coa relación de cooperación obxecto do convenio.

h) Asumir as responsabilidades que puideran ser derivadas de incumprimentos das obrigas do concello.

i) Difundir a colaboración prestada polo Ente Provincial.

j) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP.

As partes asinantes obríganse ademais ao cumprimento do establecido legalmente en materia de protección de datos.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

A. Achegas.

1. Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo afrontará os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo co desglose que figura na cláusula primeira, ata o importe máximo indicado.

O importe total a achegar pola Deputación de Lugo será con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Deputación de Lugo que se indican:

Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO. TRAMO: GLORIETA 25 NOVIEMBRE – GLORIETA BENIGNO RIVERA	Anualidade 2023: 10.000,00€ Anualidade 2024: 742.006,47€ Anualidade 2025: 742.006,48€	1510.65009

2. Achega do Concello:

O Concello de Lugo efectuará a achega prevista na cláusula primeira, ingresando as cantidades correspondentes na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-0423, no prazo dun mes unha vez aprobado o proxecto de expropiación polo Concello.

3. Titularidade dos resultados:

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia e conservará as obras executadas e os resultados obtidos adicándoas ao fin que lle é propio.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 01-01-2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación das certificacións de obra e facturas e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobadas na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as certificacións de obra e facturas relativas aos importes consignados para anualidade de 2023 deberán estar aprobadas na data límite do 31-12-2024 e efectuado o seu pagamento antes do 31 de xaneiro de 2025 e o consignado para 2024 deberán estar aprobadas na data límite do 31-12-2025 e efectuado o seu pagamento antes do 31 de xaneiro de 2026.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015.

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio.

Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o que o sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, persoal técnico ou aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, o concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de

Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas. De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego.

O concello autoriza, coa sinatura do presente convenio, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de colaboradora.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin común perseguido, a través do cartel de obra.

Décima.- Carácter do convenio interadministrativo.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 8 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que, como secretaria dou fe”.



2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 1.494.012,95€ euros, dos cales 10.000,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2023; 742.006,47€ con cargo á anualidade de 2024 e 742.006,48€ con cargo á anualidade de 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2024 e 2025 as cantidades sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo co fin de promover e difundir o deporte nas súas distintas disciplinas, sendo consciente das dificultades que teñen que afrontar os e as deportistas lucenses de modalidades individuais, para progresaren na súa formación integral e para articular a súa participación dentro dese espazo deportivo e como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva de competición e de implicación do/da deportista, na perspectiva desa actividade como fórmula de extensión do benestar social.

Á vista que de acordo ao previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, e dentro da Liña 12.1 Deportes da Área funcional de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, búscase promover ente outros obxectivos específicos:

1) Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades.

4) Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.

5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, aloita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.

6) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.

12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.

13) Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.

14) Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.

17) Á promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.

20) Á promoción e formación deportiva, con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saudable e deporte autóctono e tradicional.

22) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.

Visto o informe do servizo de Deportes.



Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais 2023.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de noventa e nove mil novecentos cincuenta euros (99.950,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481 do orzamento da anualidade 2023, segundo se recolle no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, e dentro da Liña 12.1 Deportes da Área funcional de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

3º.- Aprobar os modelos de anexos de solicitude desta convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona M^a José Fernández Fernández, Auxiliar de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Xefe/a Negociado II Nóminas e Seguridade Social, cumpre os 65 anos de idade o día 10 de abril de 2023 e que terá recoñecidos 37 anos, 2 meses e 10 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 10 de abril de 2023, data

previsible de xubilación forzosa, acreditando, unha carreira de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social, de máis de 49 anos, polo tanto, superior aos 37 anos e 9 meses.

Resultando que a interesada solicitou a prolongación no servizo activo e que por Acordo da Xunta de Goberno de data 17 de febreiro de 2023 desestimouse a citada solicitude de prolongación, acordándose, así mesmo, tramitar de oficio o expediente de xubilación forzosa con efectividade do día 10 de abril de 2023, data na que alcanza a idade ordinaria de xubilación, conforme ao previsto na normativa de aplicación, que a continuación se sinala:

Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, que establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en



todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente reductor por razón da idade.”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses

[...].”

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, Dona Mª José Fernández Fernández, con efectividade do día 10 de abril de 2023, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.